



## CIRCULAR INFORMATIVA N.º 1 ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR

### ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS DE ALUMNOS /AS NO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO

De conformidade co establecido na RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29 de setembro), realizarase proximamente neste Centro a renovación do CONSELLO ESCOLAR que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- A Directora do Centro.
- Unha profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro **mañá, mércores 27 de outubro, ás 09:00 horas, na Sala de Mestres do Centro**. Unha vez constituída (día 2 novembro), emitirase información puntual do proceso mediante circulares.

O proceso, na parte que implica os pais e nais dos alumnos/as segue os seguinte procedemento:

- 1.- Sorteo dos membros da Xunta Electoral.
- 2.- Convocatoria e constitución da Xunta Electoral.
- 3.- Presentación de Candidaturas.
- 4.- Publicación dos Censos Electorais.
- 5.- Proclamación de candidaturas.
- 6.- Presentación de reclamacións, de habelas.
- 7.- Votación e escrutinio.
- 8.- Proclamación de candidatos elixidos.
- 9.- Constitución do Consello Escolar.

Na Pobra Do Caramiñal a 22 de outubro do 2021.

A Dirección